

CONCELLO DE CESURAS

Anuncio de suspensión de licenzas urbanísticas.

O Pleno da Corporación, en sesión extraordinaria do 11 de outubro de 2007, e co obxecto de proceder á apertura de novas vías, acordou suspender polo prazo dun ano, contado desde a publicación deste anuncio no DOG, as licenzas de parcelación, edificación e demolición na área territorial de Bragade, delimitada polas seguintes vías existentes:

-Estrada provincial (rúa da Estación).

-Camiño do Pinche, desde a rúa da Estación ata O Lavadoiro do Pinche.

-Camiño do Lavadoiro.

-Camiño á Igrexa desde O Pereiro.

Contra o acordo de suspensión poderá interperse recurso contencioso-administrativo, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (Sala do Contencioso-Administrativo), no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da data de publicación deste anuncio.

Cesuras, 15 de outubro de 2007.

José Ferreiro Pardiñas
Alcalde

CONCELLO DA CORUÑA

Anuncio de concurso (referencia S-62/2007).

1. Entidade adxudicadora: Concello da Coruña.
a) Dependencia que tramita o expediente: Unidade de Subministracións. b) Número de expediente: S-62/2007.

2. Obxecto do contrato: subministración dun vehículo forestal para o Servizo de Extinción de Incendios. Prazo de entrega: fixarano os licitadores na súa oferta, sen que en ningún caso poida ser superior a un mes.

3. Tramitación: ordinaria. Procedemento: aberto. Forma de adxudicación: concurso.

4. Orzamento base de licitación: 105.000 euros, IVE incluído.

5. Garantía provisional: non se exige.

6. Obtención de documentación e información:
a) Entidade: véxase punto 1. b) Enderezo: praza de M^a Pita, 1-2º. c) Localidade: 15001 A Coruña. d) Teléfono: 981 18 42 19. e) Fax: 981 18 42 71. f) Correo electrónico: suministros@aytolacoruna.es e licitacion@aytolacoruna.es. g) Data límite de obtención de documentos e información: ata o día de finalización do prazo de presentación de ofertas.

7. Requisitos específicos do contratista: véxase o prego de cláusulas administrativas particulares.

8. Presentación de proposicións: a) Prazo: quince días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*, remata ás 13.00 horas. No caso de resultar sábado o día de finalización do prazo, quedará este automaticamente prorrogado ao día hábil seguinte. b) Documentación que hai que presentar: véxase prego de cláusulas administrativas particulares. c) Lugar de presentación: Rexistro Xeral de Entrada. d) Admisión de variantes: si.

9. Apertura das proposicións económicas e documentación técnica: a) Lugar: véxase punto 6. b) Data: o quinto día hábil seguinte ao do transcurso do prazo de licitación. c) Hora: 12.00 horas.

10. Outras informacións: véxase o prego de cláusulas administrativas particulares.

11. Gastos de anuncios: por conta do adxudicatario.

A Coruña, 14 de novembro de 2007.

Obdulia Taboadela Álvarez
Concelleira delegada de Interior, Persoal
e Informática

CONCELLO DE LEIRO

Anuncio do avance do Plan Xeral de Ordenación Municipal deste concello.

O pleno da corporación, en sesión extraordinaria celebrada o día 8 de novembro de 2007, acordou expoñer ao público, polo prazo dun mes, contado desde a última publicación que deste anuncio teña lugar no *Diario Oficial de Galicia* e no xornal La Región, o avance do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Leiro, formulado por *Monteoliva Arquitectura, S.L.*, a quen o Concello decidiu encomendar a redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Leiro, prazo durante o cal as entidades e os particulares poderán suxerir o que consideren oportuno e presentar as propostas e os convenios urbanísticos que xulguen procedentes.

Durante o dito prazo, a documentación do avance do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Leiro poderá ser examinada nas oficinas do Concello, sitas na Rúa Gabino Bugallal nº 39, Leiro.

Leiro, 9 de novembro de 2007.

Francisco José Fernández Pérez
Alcalde